



PLAN DE ACOLLIDA



CEIP Albeiros _ Lugo

PROGRAMA DE ACOLLIDA.

- 1. Contextualización.**
- 2. Novas normas de organización e funcionamento do centro.**
- 3. Actuacións de prevención, hixiene e protección.**
- 4. Accións formativas para a mellora da competencia dixital do alumnado necesaria para o seu desenvolvemento na modalidade de ensino presencial ou, de ser o caso, non presencial.**
- 5. Atención aos aspectos emocionais e sociais, mediante a realización de actividades grupais de acollida e cohesión.**

O equipo directivo procedeu á súa elaboración e preséntao nas datas abaixo indicadas.

Presentado ao Claustro: 02/09/2020.

Presentado ao Consello: 07/09/2020.

1. CONTEXTUALIZACIÓN.

Segundo as Instrucións do 30 de xullo 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa en relación ás medidas educativas que se deben adoptar no curso académico 2020/2021, o centro educativo elaborará un "Programa de Acollida". O presente documento ten por obxecto desenvolver en base ás instrucións citadas e ao Programa de Acollida Covid 19 do CEIP Albeiros publicado na páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipalbeiros para o reinicio da actividade académica presencial o vindeiro 10 de setembro.

3. NOVAS NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CENTRO. ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID.

Son de obrigado coñecemento por toda a comunidade educativa as Novas Normas de Organización do centro en aqueles puntos que se modificaron pola presente situación, as cales aparecen reflexadas no **Plan de Adaptación á situación COVID-19**.

O plan de adaptación á situación covid-19 implica unha serie de cambios e modificacións temporais nas Normas de Organización e Funcionamento do colexio.

Neste cadro resumo reflectimos as máis salientables:

Tema	Modificación																																				
Horario de entradas e saídas	<table border="1" style="width: 100%; text-align: center;"> <thead> <tr> <th colspan="3" style="background-color: #FFD700;">CANCELA GRANDE Porche posterior</th> <th colspan="3" style="background-color: #90EE90;">CANCELA PEQUENA Porche dianteiro</th> </tr> <tr> <th style="background-color: #FFFF00;">ENTRADA</th> <th style="background-color: #D3D3D3;">CURSOS</th> <th style="background-color: #ADD8E6;">SAÍDA</th> <th style="background-color: #FFFF00;">ENTRADA</th> <th style="background-color: #D3D3D3;">CURSOS</th> <th style="background-color: #ADD8E6;">SAÍDA</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td style="background-color: #FFFF00;">08:50</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">6ªA e 6ªB</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">13:50</td> <td style="background-color: #FFFF00;">08:50</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">5ªA e 5ªB</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">13:50</td> </tr> <tr> <td style="background-color: #FFFF00;">08:55</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">3ªB e 4ªB</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">13:55</td> <td style="background-color: #FFFF00;">08:55</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">3ªA e 4ªA</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">13:55</td> </tr> <tr> <td style="background-color: #FFFF00;">09:00</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">1ªA e 2ªA</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">14:00</td> <td style="background-color: #FFFF00;">09:00</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">1ªB e 2ªB</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">14:00</td> </tr> <tr> <td style="background-color: #FFFF00;">09:05</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">E. INFANTIL Parvulario</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">13:45</td> <td style="background-color: #FFFF00;">09:05</td> <td style="background-color: #D3D3D3;">E. INFANTIL Colexio</td> <td style="background-color: #ADD8E6;">13:45</td> </tr> </tbody> </table>	CANCELA GRANDE Porche posterior			CANCELA PEQUENA Porche dianteiro			ENTRADA	CURSOS	SAÍDA	ENTRADA	CURSOS	SAÍDA	08:50	6ªA e 6ªB	13:50	08:50	5ªA e 5ªB	13:50	08:55	3ªB e 4ªB	13:55	08:55	3ªA e 4ªA	13:55	09:00	1ªA e 2ªA	14:00	09:00	1ªB e 2ªB	14:00	09:05	E. INFANTIL Parvulario	13:45	09:05	E. INFANTIL Colexio	13:45
CANCELA GRANDE Porche posterior			CANCELA PEQUENA Porche dianteiro																																		
ENTRADA	CURSOS	SAÍDA	ENTRADA	CURSOS	SAÍDA																																
08:50	6ªA e 6ªB	13:50	08:50	5ªA e 5ªB	13:50																																
08:55	3ªB e 4ªB	13:55	08:55	3ªA e 4ªA	13:55																																
09:00	1ªA e 2ªA	14:00	09:00	1ªB e 2ªB	14:00																																
09:05	E. INFANTIL Parvulario	13:45	09:05	E. INFANTIL Colexio	13:45																																
Horario de recreo	De 11 a 11:30 grupo A e de 11:50 a 12:20 grupo B.																																				
Espazo de recreo	<p>ESQUEMA DISTRIBUCIÓN ESPAZOS RECREO</p> <p> Zona A ZONA HERBA LATERAL 1 Zona A CAMPO HERBA Zona B PATIO INFANTIL ZONA HERBA LATERAL 2 PAVILLÓN Zona B Aulario INFANTIL Zona A CANCHA BALONCESTO Zona B PATIO INFANTIL CUBERTO PORCHE Zona de paso </p> <p> Patio infantil cuberto: 4ª E1 A e 6ª E1 B Patio infantil: Zona A: 6ª E1 A, Zona B: 5ª E1 A Zona herba lateral 1 e 2, Cancha baloncesto A e B e Campo de herba A e B: 1ª a 6ª EP (grupos A recreo A, grupos B, recreo B) Porche: 4ª E1 B </p>																																				
Gardas de entrada	Nas entradas haberá un mestre/a de garda en cada unha das cancelas.																																				
Acompañamento do alumnado	Limitase a un acompañante por alumno tanto nas entradas como nas saídas.																																				
Titorías	Preferentemente telemáticas, aínda que se permiten as presenciais coas normas de seguridade reflectidas no plan de actuación.																																				
Biblioteca	Usarase seguindo as normas reflectidas no plan de actuación.																																				
Uso de aseos	Restrínxese o aforo a unha persoa, para o que se empregarán sinais visuais.																																				
Circulación polo centro	Ocupando sempre a parte dereita do corredor e respectando as quendas de circulación.																																				
Actividades internivelares	Non se celebrarán este tipo de actividades de xeito presencial.																																				

Como o alumnado ten que adquirir novos hábitos que implican tanto o cambio de acceso ao colexio, ruta que debe seguir para chegar á súa aula, o que sumado ao alumnado que cambia de ciclo, mestre/a e aula, fai necesario organizar dun xeito especial os primeiros días lectivos. Para evitar aglomeracións e confusións propias desas primeiras xornadas, flexibilizaremos os horarios organizando as seguintes quendas:

ASPECTOS A SALIENTAR DAS ENTRADAS E SAÍDAS

IMPORTANTE: Só poden acceder ao recinto escolar os acompañantes do alumnado de 4º de Educación Infantil e só durante a duración do período de adaptación. O resto de acompañantes do alumnado non poden acceder ao patio nin ao edificio sin cita previa.

Tanto nas entradas como nas saídas hai que evitar as aglomeracións de persoas. Para esto deberanse seguir as seguintes normas:

- Só virá un acompañante por cada alumna ou alumno.
- Será fundamental a puntualidade: no caso de chegar tarde, deberán esperar ata que entre todo o alumnado na beirarrúa de enfrente ás cancelas.
- En canto o alumno/a entre ou saia os acompañantes deben abandonar os arredores do centro para evitar a formación de grupos de persoas.
- Non se permite que o alumnado na saída quede formando agrupacións nos patios ou que xogue nos mesmos, polo que se regularán as saídas directamente ao exterior do recinto.
- Asemade, infórmase ás familias da necesidade da responsabilidade persoal de non facer agrupamentos nos accesos ao centro escolar.

Durante os primeiros días, ensaio das entradas e saídas, valoración de aspectos a mellorar.

DÍA 10 DE SETEMBRO.

O primeiro día de clase establecerase o seguinte horario de entrada e saída para cada grupo, coa finalidade de evitar aglomeracións.

XOVES, 10 de SETEMBRO de 2020

PRIMARIA

ENTRADA	CURSO	SAÍDA
09:30	3ºB	13:55
10:00	3ºA	13:55
10:30	2ºB	14:00
11:00	2ºA	14:00
11:30	1ºB	14:00
12:00	1ºA	14:00

INFANTIL

ENTRADA	CURSO	SAÍDA
11:45	5ºEI	13:45

VENRES, 11 de SETEMBRO de 2020
PRIMARIA

ENTRADA	CURSO	SAÍDA
09:30	6ºB	13:50
10:00	6ºA	13:50
10:30	5ºB	13:50
11:00	5ºA	13:50
11:30	4ºB	13:55
12:00	4ºA	13:55

INFANTIL

ENTRADA	CURSO	SAÍDA
11:45	6ºEI A	13:45
ENTRADA	CURSO	SAÍDA
11:45	6ºEI B	13:45

Só traerán unha axenda ou libreta e un bolígrafo ou lapis.

Os primeiros días adicarase a explicar ao alumnado aspectos relacionados coas novas normas: as entradas, saídas, zonas de recreo, recordo das normas de hixiene, distanzamento social...

Este curso, o alumnado de Educación Primaria non poderá deixar os libros e o material na clase, cada día deberán traer o que precisen. Ademais, todos os días, deberán traer unha segunda máscara de recambio. Así como un estoxo específico para gardala en caso necesario.

ATENCIÓN SECRETARÍA/DIRECCIÓN

Só se atenderá presencialmente con cita previa. Podedes solicitala a través do teléfono do centro ou do correo electrónico.

Tamén podedes empregar estas vías para calquera dúbida, consulta ou suxerencia.

Reducirse na medida do posible o manexo de documentación en formato papel. Priorizaranse os medios telemáticos.

Cando se distribúan formularios ou se entregue documentación que deba ser escrita facilitarase o material de escritura que deberá ser desinfectado polo usuario unha vez remate o seu uso.

4. ACTUACIÓNS DE PREVENCIÓN, HIXIENE E PROTECCIÓN.

Prevención:

O centro educativo non é alleo á situación social e, polo tanto, establecendo un paralelismo coas normas xerais de prevención para calquera cidadán, os obxectivos serán os seguintes:

Evitar aglomeracións:

- Diseminar as entradas e saídas do alumnado.
- Dispersar as rutas que segue o alumnado para acceder á súa aula.
- Establecer quendas de recreo.
- Dividir o patio para que cada nivel educativo dispoña dunha zona de recreo.
- Regular o acceso aos aseos.

Distancia social:

- Distribuír as mesas nas aulas de tal xeito que exista a maior separación posible entre o alumnado atendendo ao número de alumnos/as por aula e ao espazo dispoñible.
- Evitar situacións de contacto físico.

Responsabilidade individual:

- O profesorado e alumnado deben comprometerse a facer un autotest antes de acudir ao centro para evitar ir a traballar con sintomatoloxía compatible coa COVID.
- As familias deben adquirir o compromiso firme de non enviar aos seus fillos/as ao colexio se presentan algúns dos síntomas compatibles coa covid; para elo deberán facer un test diario no que comproben a temperatura, a presenza de tose seca, dificultade respiratoria, a perda de olfacto ou gusto, dor muscular, fatiga severa ou diarrea.
- Para isto firmárase unha declaración de compromiso de realización de dito test diariamente.

Hixiene:

Neste apartado resumimos as accións a levar a cabo para reforzar a hixiene xeral do centro e a adquisición de hábitos e rutinas de responsabilidade individual.

Hixiene xeral do centro:

- Realizar desinfeccións dos aseos tres veces por mañá.
- Limpiar pasamáns, pomos de xeito asiduo en horario lectivo.
- Facer limpeza de aulas e espazos comúns pola tarde.
- Establecer un control da ventilación correcta e abundante das aulas.
- Desinfección dos elementos de uso común por parte do alumnado.

Hixiene persoal:

- Facer varias limpezas e desinfección das mans, para o que haberá dispensadores de hidroxel nas aulas e xabón líquido nos baños.

Elementos de limpeza a disposición da comunidade docente:

- Xel: en todas as aulas e espazos comúns.
- Xabón: nos aseos.
- Panos desbotables: en todas as aulas, baños e espazos comúns.
- Solución desinfectante: nas aulas, despachos e zonas de uso común.

Protección:

Uso de máscara: será obrigatorio para todo o persoal e alumnado maior de 6 anos, tanto dentro como fóra da aula. En educación infantil o seu uso é recomendable.

Pantallas: de uso optativo e para aquelas actividades lectivas nas que o emprego de máscara sexa incompatible.

Os titores e titoras darán a coñecer as actuacións do Plan de forma adaptada á idade do **alumnado**. O primeiro día explicarase en profundidade e durante as primeiras semanas do

curso traballarán co seu grupo na adquisición destas rutinas:

- O correcto uso da máscara, o xeito de poñela e sácala, e de ser o caso de gardala nos momentos da comida, así como dos protocolos de substitución e lavado.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Hixiene de mans: lavado frecuente e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con solucións hidroalcohólicas, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. Cando as mans estean visiblemente sucias debe utilizarse auga e xabón.
- A necesidade dunha hixiene correcta de mans cada vez que se use material compartido.
- A importancia que ten a ventilación dos espazos para evitar a transmisibilidade.
- Á entrada e saída do centro, esixencia a todas as persoas (persoal do centro, familias e visitantes) da realización da hixiene de mans con verificación visual do seu correcto cumprimento, prestarase especial atención a esta tarefa nos primeiros días do curso polo seu carácter educativo. No caso do alumnado verificarase a realización unha vez sentados na aula mediante a formulación de preguntas.
- Habilitar dispensadores de solución hidroalcohólica na entrada e en espazos comúns.
- Aplicar medidas para o correcto cumprimento da hixiene e a utilización de solución alcohólica. ^[1]_[SEP]
- Xerar dinámicas para que o alumnado realice hixiene de mans con frecuencia (xogos de mimetismo, acompañamento do lavado, momentos previos ás actividades, entrada no comedor, cada vez que van o baño) ademais de medidas de educación sanitaria. Será necesario garantir a existencia de xabón e papel para secar as mans.
- Instalación de portapanos desbotables e dispensadores de xabón nos aseos ou de xel hidroalcohólico nos espazos comúns. ^[1]_[SEP]

Xerar sistemas de educación sanitaria para a implantación de medidas ^[1]_[SEP] de hixiene respiratoria: ^[1]_[SEP]

- Ao tusir ou esberrar, tapar a boca e o nariz cun pano de papel que se ^[1]_[SEP] desbotará nunha papeleira con tapa, ou ben facelo contra a flexura do ^[1]_[SEP] cóbado e sempre aloxándose do resto das persoas. ^[1]_[SEP]
- Realizar hixiene de mans frecuentemente, sobre todo despois de tocar ^[1]_[SEP] secrecións respiratorias (esberrar, tusir, uso de panos) e/ou obxectos con posibilidade de estar contaminados, así como antes e despois de comer, usar os aseos ou tocar material susceptible de ser compartido.
- Manter a distancia física recomendada. Se non se puidese manter, será necesaria a utilización de máscara de protección. Informarase do uso correcto da mesma e do xeito de poñela e sacala. ^[1]_[SEP] Gardarase a distancia de seguridade de 1,5 metros co demais persoal e alumnado, tanto nos períodos de actividade como na entrada e saída ao posto escolar, así como nos tempos de descanso, sen prexuízo do establecido da previsión de 1 metro para as aulas. ^[1]_[SEP]

5. ACCIÓNS FORMATIVAS PARA A MELLORA DA COMPETENCIA DIXITAL DO ALUMNADO NECESARIA PARA O SEU DESENVOLVEMENTO NA MODALIDADE DE ENSINO PRESENCIAL OU, DE SER O CASO, NON PRESENCIAL.

- O equipo docente formarase naquelas actividades que dende a Consellería se estimen necesarias na Covid 19 así como en aqueles aspectos de aulas virtuais que faciliten a xestión educativa e pedagóxica no caso de formación semipresencial ou non presencial.
- En calquera caso, o equipo TICs será o responsable do traballo de mantemento da aula virtual (xestión da administración, páxina de inicio, creación de cursos e subida de información básica). O resto de funcións (comunicación coa UAC, coa responsable Abalar de zona, divulgar accións de formación...) tamén forman parte das tarefas do equipo TICs.
- Durante as primeiras semanas de clase cada profesor/a de primaria familiarizará co funcionamento da súa aula virtual ao alumnado.

6. ATENCIÓN AOS ASPECTOS EMOCIONAIS E SOCIAIS, MEDIANTE A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES GRUPAIS DE ACOLLIDA E COHESIÓN

Será o departamento de orientación o encargado de coordinar e deseñar as actividades dirixidas a atender estes aspectos, tendo en conta que serán actividades realizadas ao inicio do curso dirixidas polos titores ou titoras de cada un dos grupos.